

ct

O retrato da sibila

de
Vanesa Sotelo

(fragmento)
en galego

1. A SIBILA

BLANCA

Gustaríame comezar esta charla, este encontro, cunha imaxe: *A sibila délfica*, da Capela Sixtina, ideada por Miguel Anxo Buonarotti. Como saberán, a sibila é un personaxe da mitoloxía clásica. Unha muller capaz de coñecer o futuro. Unha profetisa. Esta imaxe de Miguel Anxo atraeume desde sempre. Se cadra pola súa figura robusta e imponente. A primeira vez que a vin foi nunha enciclopedia que os meus pais compraran para que mellorase nos estudos.

A segunda imaxe é a de Maruja Mallo cuberta por un manto de algas nas praias da illa de Pascua. Maruja Mallo: un caso á parte dentro da arte española do século XX. Surrealista, pero non só iso. Icona das vangardas, pero non só iso. Rompedora, pero non só iso. Xenio e musa, pero non só iso. Unha muller que predicía o seu futuro a forza de abril e de trazalo. Unha creadora que construíu a súa propia imaxe de muller e artista e que nos legou unha obra de intenso rigor plástico e teórico. Maruja Mallo, unha muller de personalidade imponente que non aceptou nin a reclusión machista nin os patróns da súa época. Maruja Mallo. Lembro que este nome me atraeu desde que detectei a súa ausencia naquela mesma enciclopedia que os meus pais compraran para que mellorase nos estudos. Aínda hoxe procuro o seu nome nas páxinas deste tomo dedicado á arte, pero de «Malevich» pasa a «mampostería». O seu nome non está entre elas.

A terceira imaxe é un dos retratos da serie *Cabezas de muller*, de Maruja Mallo. Concretamente, trátase do que serviu de portada para o libro publicado en Bos Aires pola Editorial Losada, con dúas conferencias da artista e prólogo do seu gran amigo Ramón Gómez de la Serna. Este retrato é o último traballo duna nova serie que serve de bisagra entre dúas etapas dunha obra en evolución constante e final aberto dunha muller irrepitible e inclasificable.

2. A ORIXE E O DESTINO

TODAS

Orixe?

BLANCA

Galicia.

ISABELLE

Aeroporto Montreal-Trudeau.

ANA

De Valparaíso, de aquí. Eu son de aquí.

MARUJA

Orixe? Eu e os meus outros nomes: Ana, María, Manuela, Isabel, Josefa.

TODAS

Destino?

ISABELLE

A Valparaíso. A Chile.

BLANCA

Chile. A Valparaíso.

ANA

O venres saio de Valparaíso para Bos Aires.

MARUJA

A estratosfera e a Vía Láctea.

TODAS

Canto tempo?

MARUJA

Máis do que pensaba.

BLANCA

Unha semana. Por un congreso.

ANA

Confirmáronme o do proxecto. Si, para deseñar a escenografía. Estréase dentro de dous meses.

Intentarei quedar un pouco máis.

ISABELLE

Seis meses. Por traballo.

MARUJA

Toda a vida. Até encontrar a maxia a través da medida. Ir da realidade obxectiva á destrución obxectiva e da destrución obxectiva á realidade subxectiva.

TODAS

Volver?

MARUJA

Volverei, pero os meus amigos xa estarán enterrados ou desterrados.

ISABELLE

Non quero volver a París.

MARUJA

Dixeron tantas veces que sería outra Maruja se ficase en París! Pero América estaba esperando.

ANA

Creo que seguirei viaxando. Se cadra, coñecer Europa. Coñecer París.

ISABELLE

Estou tan cansa de Europa...

ANA

Estiveches algunha vez en París?

ISABELLE

Non quero volver a París.

ANA

Aquí non me ata nada.

MARUJA

Cada unha de nós ten a súa orde. Algo que nos organiza e que nos atrae. Podémoslle chamar vocación, destino ou desgraza.

BLANCA

Maruja non me parece excéntrica. Paréceme brillante.

MARUJA

Non me chame «brujita». Chámeme sibila. É máis universal.

BLANCA

Prefería que a chamasen sibila porque era máis universal.

ANA

Non sei a que hora vou chegar. Estou na facultade. Por unha conferencia. O que? A conferencia?
Sobre pintura.

ISABELLE

Unha conferencia? Podo esperar en calquera outra parte. Sempre hai unha cafetaría preto. Non me interesa. A arte. A pintura. Non me interesa. Porque non a entendo. De verdade non hai unha cafetaría onde poida esperar?

MARUJA

Arte e ciencia ou guerras. Para min, a vida neste planeta é iso.

TODAS

Que preciso?

MARUJA

Enigmas e soidade.

ISABELLE

Un café.

ANA

Outro lugar.

BLANCA

Preciso unha pantalla e un proxector. Se o espazo é moi grande, un micrófono. Pero o único que vou precisar vai ser público. Cre que haberá público?